

# mo ra da

09.03.23

A Casa Vella | Amiadoso

**xornada arredor dos  
centros de creación  
artística en Galicia**

impulsada por  
**A Casa Vella**

comisariada por  
**Caterina Varela & Natalia Balseiro**

financiada con cargo aos fondos da UE e o Plan de Recuperación e Resiliencia  
e apoiada pola **Xunta de Galicia** a través da **Axencia Galega das Industrias Culturais**

# mo ra da

## que é

**Morada** é unha xornada que sitúa o debate arredor do concepto de centro de creación artística, impulsada por A Casa Vella (Amiadoso, Allariz) dentro do programa de Territorio Cultura da Xunta de Galicia.

Os centros de creación artística son espazos que xeran contextos para o desenvolvemento artístico e a creatividade e a recuperación do patrimonio material e inmaterial dos territorios nos que se sitúan así como funcionan como centros para a cohesión social das súas contornas.

A través da análise da realidade propia e do resto do estado, o encontro pretende tamén recoñecer o valor destes lugares estratéxicos para contribuír ao reto demográfico e de desenvolvemento sostible.

**Morada** reúne a distintas persoas de Galicia e doutros territorios nunha xornada de traballo para aprender e avanzar no que representa e produce hoxe, un centro de creación artística nun territorio rural.

# mo ra da

## onde

### ***A Casa Vella***

Nuria Sotelo (coreógrafa, bailarina e xestora cultural) e Rubén Vilanova (fotógrafo e xestor cultural) son os creadores do proxecto A Casa Vella en Amiadoso, Allariz. Un espazo independente de apoio á creación artística e acción social en contexto rural, para a investigación e a formación artística, o uso creativo e saudable do corpo, o respecto polo medio natural e a posta en valor dos seus recursos endóxenos e o patrimonio cultural inmaterial.

O proxecto de A Casa Vella é un espazo para a conexión, a relación e a reunión, favorecendo a reflexión e o diálogo, o encontro interxeracional, un lazo de unión entre o rural e o urbano, entre a arte, o corpo e os ecosistemas natural e social.

An aerial photograph of a dense forest. The trees are mostly green, with some showing yellow and orange hues, suggesting an autumn or winter season. In the center of the image, there is a small, irregularly shaped cleared area with a dirt path leading to it. The text 'mo rada' is overlaid in the top left corner in a white, bold, sans-serif font. A thin pink diagonal line is also present in the top left corner, extending from the top edge towards the text.

**mo  
ra  
da**



# mo ra da

## programa

- 10.00 h **Benvida**
- 10.30 h **Presentación A Casa Vella** con Nuria Sotelo e Rubén Vilanova
- 11.00 h **Presentación do proceso e investigación da xornada**  
con Nuria Sotelo e Rubén Vilanova
- 11.30 h **Cartografía dos centros de creación en España** con Xián Rodríguez
- 12.00 h **De que falamos cando falamos dun centro de creación?** con Javier Cuevas
- 13.00 h **Conversación** con Maria Muñoz, Idoia Zabaleta, Getsemaní de San Marcos,  
Nuria Sotelo, Rubén Vilanova, Caterina Varela e Natalia Balseiro
- 14.00 h **Xantar conxunto**
- 15.30 h **Paseo pola aldea**
- 16.30 h **Marcos normativos das políticas públicas para os centros de creación**  
con Getsemaní de San Marcos
- 17.30 h **Conversación** coas persoas participantes
- 19.00 h **Peche-despedida**

mo  
ra  
da

## con quen

### ***Getsemaní de San Marcos***

Xestora cultural. Madrid.

Licenciada en Dereito pola UAM, desenvolve a súa traxectoria na xestión cultural, tanto no ámbito privado como no público. Foi Directora de Programación Cultural do Instituto da Cultura e as Artes de Sevilla (2020 e 2021), directora xeral de Programas e Actividades Culturais da área de Goberno de Cultura e Deportes do Concello de Madrid (2016 e 2019); e xefa de relacións externas do Festival de Outono da Comunidade de Madrid (2008 a 2011).

No ámbito do tecido cultural independente e entre outros traballos, foi directora do Teatro Pradillo (2012 a 2016); comisaria do ciclo O lugar sen límites (Madrid, Centro Dramático Nacional, Teatro Pradillo e Museo Reina Sofía, 2015); coordinadora do Festival Escena Contemporánea (Madrid, 2011 e 2012); programadora da Noite dos Teatros (A Fábrica e Comunidade de Madrid, 2007 e 2008); programadora do Teatro O Canto da Cabra (Madrid, 2006 a 2007); e xerente da Rede Estatal de Teatros Alternativos (2001 a 2005).

# mo ra da

*A participación de Javier Cuevas conta co apoio do Instituto Canario de Desenvolvemento Cultural do Goberno de Canarias a través do programa Canarias Crea*

**CANARIAS**crea



## **Javier Cuevas**

Artista, curador e mediador. Illas Canarias.

O seu traballo desenvólvese ao redor das artes vivas contemporáneas promovendo contextos críticos de investigación en contacto afectivo co territorio e os artistas. Coordina o Centro Párraga de Murcia entre os anos 2007 e 2010 e desde 2012 impulsa o Tenerife LAV, Laboratorio de Artes Vivas e Cidadanía de Tenerife, impulsa Dance Inter Faces, misión inversa para a internacionalización da danza e as prácticas contemporáneas de corpo e movemento en Canarias.

É responsable da programación e coordinación do ciclo de danza contemporánea e creación de públicos “Danza en breve” para o Teatro Leal de La Laguna (Tenerife). Como artista aborda proxectos que poñen en relación o corpo, o sonoro, a ficción e o pensamento crítico-filosófico. Traballa xunto a Sonia Gómez, Amalia Fernández, Juan Domínguez, Sara Serrano, Paula Quintana, Alexandre Iseli e Poliana Lima, entre outras.

Entre 2018 e 2022 foi presidente da Federación Estatal de Asociacións de Empresas e Compañías Profesionais de Danza (FECED).

# mo ra da

## ***Idoia Zabaleta***

Coreógrafa e gobernadora do proxecto Azala.  
País Vasco.

Na Facultade de Bioloxía especializouse en ecosistemas e dinámica de poboacións. Estudou danza e improvisación en Barcelona, Florencia, Amsterdam e Nova York. Traballou coa compañía Mal Pelo entre 1995 e 1999.

Desde o 2000 coproduce e crea o seu propio traballo, colaborando con outros artistas e investigadores como Isabel de Naverán, Filipa

Francisco, Antonio Tagliarini, Claudia Dias, Sofía Asencio, entre outros.

Desde 2008, constrúe e goberna xunto con Juan González, o espazo de creación e residencias artísticas AZALA, situado no mesmo pobo onde vive (Lasiera, Álava).



# mo ra da

## **María Muñoz**

Coreógrafa e bailarina. Co-directora artística de Malpelo e L'animal a l'esquena. Cataluña.

Crece en Valencia, onde estuda música, practica atletismo de competición e iníciase en danza polo que viaxa a Amsterdam e Barcelona para ampliar a súa formación. Nos seus inicios, traballa coa compañía xaponesa Shusaku & Dormu Dance Theater (Holanda). En 1985, a formación do grupo A Dux, xunto a Mariantònia Oliver, marca o inicio da súa traxectoria propia na creación escénica.

En 1988 colabora por primeira vez con Pep Ramis e o no 1989 forman xuntos Malpelo, onde os dous comparten desde entón a creación e a dirección. Dentro do grupo desenvolve unha faceta de investigadora e pedagoga do movemento. En 1997 comezan a restauración e construción da sede do grupo en Celrà (Xirona) e comeza a andaina do centro de creación e investigación L'animal a l'esquena.

mo  
ra  
da

### ***Xián Rodríguez Fernández***

Asesor Técnico na Subdirección Xeral de Cooperación Cultural cas Comunidades Autónomas do Ministerio de Cultura e Deporte.

Licenciado en Humanidades e Máster en xestión do Patrimonio Cultural. Membro do Corpo Facultativo de Conservadores de Museos do Estado. Actualmente ocupa o posto de Asesor Técnico na Subdirección Xeral de Cooperación Cultural, dende onde coordina os programas “Cultura e Cidadanía” e “Cultura e Ruralidades”.

Previamente traballou no sector cultural, especialmente no campo das artes plásticas contemporáneas, como responsable da área de exposicións temporais na Consellería de Cultura e Deporte da Comunidad de Madrid, así como en outras institucións públicas e privadas (MACBA, Fundación Joan Miró e CCCB en Barcelona e a Hayward Gallery en Londres). No ámbito da cooperación, traballou como consultor cultural para a Secretaría Xeral Iberoamericana (SEGIB) e como xestor cultural na Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento. (AECID).

# mo ra da

## ***casos de estudo***

### ***Azala***

Un lugar para o encontro entre artistas, creadores, activistas e pensadores. Sendo a danza e as artes escénicas o epicentro deste lugar, a súa onda expansiva esténdese e atravesa con naturalidade e promiscuidade outras disciplinas artísticas, así como outras nomenclaturas como artes performativas, artes do corpo, artes vivas.

Xerar condicións de traballo para os procesos de creación e investigación dos artis-

tas en residencia. Xerar espazos-tempos de autonomía e liberdade para a produción de coñecemento desde a experimentación, o intercambio crítico, a práctica e a reflexión. Xerar contextos de acción. Xerar vínculos entre creadores, pensadores e público co fin de nutrir o ecosistema artístico, cultural, social e político que nos rodea.

Falando de rodear, en AZALA estamos rodeadas doutros proxectos, iniciativas, xentes, que aínda nas marxes da visibilidade, están a facer cousas preciosas.

# mo ra da

## ***L'animal a l'esquena***

María Muñoz e Pep Ramis deciden pór en marcha en 1997 unha estrutura de rede baseada no intercambio con outros artistas e creadores con sede en Mas Espolla. Do 2001 ao 2010, codirixen artisticamente con Toni Cots o proxecto e desde 2011 até hoxe, está dirixido por María Muñoz e Pep Ramis, coa colaboración dun equipo de asesores artísticos. O obxectivo do proxecto é crear vínculos e conexións entre creadores, pensadores e público de maneira que o centro poida converterse nun lugar compartido, dentro

dun marco de investigación da práctica artística baseada no corpo. Un marco de investigación entendido como un proceso acumulativo, de contextualización e reflexión, de formación e de intercambio. L'animal a l'esquena que-re reflectir a necesidade actual da práctica contemporánea das artes de definir un marco crítico mediante a presenza de diferentes voces e visións, co fin de buscar un cambio de valores en relación co visual, o textual, a identidade e a corporalidade. Un refuxio temporal no que a diversidade sexa recoñecida e aceptada.

mo  
ra  
da

## **comisarias**

### ***Caterina Varela***

Artista, curadora e xestora cultural. Galicia.

Desenvolve a súa traxectoria no campo da danza e as artes vivas, tanto na creación artística como na dirección e coordinación de proxectos de xestión cultural vinculados a residencias artísticas, creación de públicos e curaduría.

Dirixe a compañía La Macana xunto a Alexis Fernández desde fai quince anos. A proxeción internacional de La Macana permitiu que

se relacionase con distintas artistas, teatros e institucións dedicadas ás artes performativas europeas e latinoamericanas.

É directora do programa Residencias Paraíso de Colectivo RPM para o apoio á investigación e creación artística (2017–2023) e coordinadora da Programación Expandida TRC Danza do Teatro Rosalía de Castro da Coruña (2014–2023) que relaciona a práctica artística coa cidadanía.

# mo ra da

## **Natalia Balseiro**

Investigadora, curadora e mediadora. Galicia.

Traballou durante máis de 15 anos na administración pública como técnico de cultura no Concello de San Sadurniño (1999–2004), como directora do Centro Coreográfico Galego (2006–2009) e como asesora de Participación e Innovación Democrática no Concello da Coruña (2015–2019).

No ámbito privado traballou como responsable de formación na Rede Española de Teatros

(2004–2005) e como directora de Mov-s (Encuentro Iberoamericano de pensamento de artes vivas) entre os anos 2010 e 2015.

Actualmente traballa como investigadora, curadora e mediadora cultural independente con organizacións públicas e independentes como Acción Cultural Española, Axencia de Turismo de Galicia, a Rede de Teatros Alternativos, A Caixa, a Asociación Galega de Diseñadores, o colectivo Concomitentes, o proxecto Somos Pandeireteiras, entre outras.



**mo  
ra  
da**

# **financiado por**

**Morada** é un proxecto de A Casa Vella.

Está financiado con cargo aos fondos da UE e o Plan de Recuperación e Resiliencia; apoiado pola Xunta de Galicia a través da Axencia Galega das Industrias Culturais.

